

**TEMA 5**  
**OS CAMBIOS SOCIAIS NO S XIX**

**1. A CIDADE**

**2. A SOCIEDADE DE CLASES.**

- a. A burguesía. Un novo modo de vida.
- b. As clases traballadoras. O proletariado.
- c. A nobleza.
- d. O campesiñado.

**3. O MOVEMENTO OBREIRO. AS ORIXES.**

- a. Ludismo ( 1800 – 30 ). As primeiras accións obreiras
- b. As primeiras asociacións obreiras.
- c. O cartismo ( 1838-48). A loita política.

**4. O SOCIALISMO.**

- a. Socialismo pre-marxista: socialismo utópico ( 1815 -1848)
- b. Marxismo. O socialismo científico.

**5. O ANARQUISMO. BAKUNIN ( 1814-1876).**

**6. A I INTERNACIONAL: AIT.**

- a. A revolución de 1.848:
- b. A I Internacional : AIT ( 1.864 )
- c. A Comuna de París ( marzo – maio 1.871 )

**7. A II INTERNACIONAL.**


- a. Os partidos socialistas.
- b. A II Internacional ( París - 1.889 )

## 1. O escenario : A CIDADE.

A cidade xoga un papel clave durante o S XIX. A sociedade pasa de ser fundamentalmente de carácter rural e de base agraria no Antigo Réxime, a unha de matizes cada vez máis urbanos acompañando ao proceso da revolución industrial:

- ⇒ **A cidade industrial** é o punto de chegada dos numerosos campesiños que forman parte do éxodo rural iniciado xa na segunda metade do S XVIII ten unha dobre causa: o proceso de modernización agrícola ( a Revolución Agraria ) e a atracción que exerce a industrialización ( o traballo nas fábricas ). Estamos, xa que logo, ante un proceso de urbanización da Europa occidental ao longo de todo o S XIX , coma ben podemos observar nesta gráfica:

**% Poboación Urbana ( 1851 – 1911 )**



( Clave:

**revolución demográfica + revolución agraria + éxodo rural = man de obra industrial**  
( ver tema Revolución Industrial )

⇒ **Temos 2 modelos:**

- Cidade industrial** : barrios obreiros sen servizos mínimos ( alcantarillado, rúas empedradas, escolas, .... ) que son o reflexo da desigualdade social e económica que ten a clase obreira.
- Cercemento das antigas cidades** ( Londres, París, Berlin, Roma, Madrid, Barcelona...)

⇒ Ante o crecemento urbano, xorde a necesidade dunha **planificación urbanística:**

- Atende fundamentalmente aos intereses burgueses fronte ós obreiros. A cidade convértese así no escenario da confrontación sociopolítica e cultural entre a clase burguesa-acomodada e a obreira – pobre.
- Servizos públicos ( distribución auga potable, beirarrúas, cloacas, parques, mercados,...)
- Transportes públicos: tranvía, metro ( Londres 1863 )
- Cultura: teatro, ópera, museos, exposicións,...

## 2. A SOCIEDADE DE CLASES.

O S XIX non só é o século das transformacións económicas ( revolución industrial ) e políticas ( revolucións liberais ), senon tamén de profundos cambios na sociedade. Queda atrás xa a sociedade estamental típica do Antigo Réxime, que se transforma na sociedade de clases composta fundamentalmente por dous grupos sociais novos: a burguesía ( liberal e capitalista, a clase dominante ) e o proletariado ( obreiros industriais con condicións de vida e traballo miserables, a clase oprimida ).

O elementor que clasifica aos cidadáns, que regula a organización social, vai ser, non os privilexios, senon a riqueza, a posesión de diñeiro, de capital ( de aí tamén a denominación de sociedade capitalista ). O nacemento xa non marca a pertenza a unha clase social, senon a traxectoria persoal: estamos ante unha sociedade aberta, dinámica, na que os cambios son posibles: un individuo pode ascender ( ou descender ) na escala social atendendo ao seu enriquecemento ( ou empobrecemento ).

### a. A BURGUESÍA. Un novo modo de vida.

A burguesía é a nova clase dominante que ten o poder económico e social, acadando o político a través das revolucións liberais burguesas da 1ª metade do S XIX

↳ As clases burguesas. A burguesía non é unha clase social homoxénea; podemos distinguir:

- ☞ **Alta burguesía:** grandes industriais e banqueiros, grandes empresarios e comerciantes, ... Exemplos: Thyssen, Krupp, Rothschild,... En moitas ocasións, a alta burguesía tende a misturarse coa aristocracia.
- ☞ **Clases medias:** propietarios de talleres e comercios, empregados da Administración, Exército, profesionais liberais( médicos, avogados,...), técnicos e enxeñeiros industriais,...

A burguesía como clase social propón unha escala de valores na que ensalza o culto ao diñeiro e a búsqueda de beneficio, ao esforzo individual ( cada quen ten o que se merece segundo o seu traballo ), a iniciativa empresarial, a propiedade, ... Estes valores son os que permiten escalar na sociedade, os que fan que esta sexa dinámica e aberta.

### b. AS CLASES TRABALLADORAS: O PROLETARIADO.

O proletarios ven sendo a **clase obreira:** a forza de traballo. Xa que logo, é unha clase urbana: Obreiros das fábricas, construción, talleres, servizo doméstico,...

A súa fonte de ingresos única: o salario polo seu traballo, sen seguridade ( non seguro de enfermidade, accidente ou vellez )

**As condicións de traballo** son moi duras:

- ☞ Moitas horas de traballo ( ata 15 diarias )
- ☞ Salarios moi baixos
- ☞ Mulleres e nenos, boa parte da man de obra, peor pagados que o home.

Pola súa parte, podemos retratar as **condicións de vida** do proletariado na seguinte frase dun médico francés en 1825: “ Para os obreiros vivir é non morrer ” :

- ☞ Barrios obreiros ( preto das industrias ) insalubres e sen servizos mínimos.
- ☞ Nivel e calidade de vida moi baixos, dominada pola pobreza.
- ☞ Unha pobre dieta alimentaria: o 70% das calorías son proporcionadas por fariña e pataca , con escaso consumo de carne, peixe, froitas e verduras.

### c. A NOBLEZA.

A aristocracia perde os seus privilexios, pero segue tendo poder económico baseado nas súa propiedade de terras ( latifundios, moi numerosos en España) e na inmersión nos negocios. Mantén o prestixio social e un papel importante no exército, administración e política.

Por outra parte, a partir de mediados do S XIX, haberá unha progresiva unión coa burguesía e os seus intereses e viceversa. Non será estrano atopar burgueses que invirtan en terras ou constrúan pazos que rivalizan en luxo cos da nobreza. Pola súa parte, tampouco será difícil atopar, por exemplo en Gran Bretaña, a nobres que se conirten en industriais ou banqueiros.

### d. O CAMPESIÑADO.

A pesares da industrialización, o éxodo rural ou a emigración cara a América, a maior parte da poboación segue sendo rural e campesiña. Pero cambia a súa situación legal. Desaparecen os vínculos feudais que lles ataban ós seus señores ( servidume ) entre 1.789 ( Francia ) e 1.861 ( Rusia ). Covértense así en campesiños libres: ás veces propietarios, noutras ocasións xornaleiros.

Os campesiños son os protagonistas do **éxodo rural** cara ás cidades industriais onde serán man de obra non cualificada e pouco pagada.

Podemos distinguir dúas realidades ven distintas entre os campesiños europeos:

- ⇒ **Propietarios**, beneficiados das reformas agrarias liberais e desamortizacións. Numerosos en Europa Occidental.
- ⇒ **Xornaleiros**: se terras e traballan a cambio dun xornal só en certas épocas do ano. Numeroso na Europa Mediterránea ( España, Italia ) e Oriental ( Rusia, Polonia). Debido ás miserables condicións de vida e traballo, vincularanse ó anarquismo.

## 3. O MOVEMENTO OBREIRO. AS ORIXES.

### a. Ludismo ( 1800-30 ) : as primeiras accións obreiras.

O movemento toma o seu nome do tecedor inglés Ludd. Leva a cabo accións organizadas polos traballadores británicos para a destrución das máquinas ( tanto industriais coma agrarias). É a reacción contra o maquinismo: os obreiros ven un inimigo nas máquinas, que lles quitaban o seu traballo e rebaixaba o salario. A reacción contra este movemento foi enérxica: a lei de 1811 establece a pena de morte para aqueles que atentaran contra as máquinas.

### b. As primeiras asociacións obreiras.

Pásase da prohibición das asociacións obreiras polas **Combinations acts** británicas (1799-1800), a conseguir o dereito de asociación e reunión en 1824 ( GB) A partir deste logro, vanse dando pasos cara o desenvolvemento do movemento obreiro:

- 1833: Great Trade Union ( GB ): asociación das diversas unións de oficios ( **Trade Unions** ) para a defensa dos obreiros.
- **Sociedades de Resistencia e Socorros Mutuos**: en caso de enfermidade, accidente ou morte, ou mesmo en folgas
- Defensa da mellora das condicións salariais e laborais.
- Dereito de folga .
- Sindicatos: movemento social máis importante desde 1/2 SXIX en Europa e EE.UU.

### c. O cartismo: a loita política ( 1838-48)

O obreiro dase conta de que non pode reducir a súa lota á conquista de melloras laborais, de que o obxectivo da súa loita é conseguir dereitos políticos para os obreiros: democratizar o estado ( sufraxio universal masculino ):

As principais ideas recóllense en **1.838 na People's Chart**: reivindicacións democráticas e anticapitalistas que se envían ao parlamento británico

- Sufraxio universal ( masculino )
- Voto secreto
- Carácter elexible dos non propietarios.
- Soldo para os deputados ( posibilitariase así o acceso dos obreiros á política )

A pesar do seu fracaso ( o cartismo foi perseguido e os seus líderes encarcerados )o seu valorradica en que o cartismo demostrou a **importancia da concienciación obreira e do movemento obreiro organizado** na consecución das reivindicacións dos traballadores ( xerme dos partidos políticos obreiros ). O seu logro da xornada laboral de 10 hora convértese nun fito do movemento obreiro.

#### 4. O SOCIALISMO.

##### a. Socialismo pre-marxista: socialismo utópico ( 1815 -1848)

Os primeiros socialistas buscan as causas da condición obreira, propoñendo solucións idealistas e utópicas. O s seus **obxectivos**:

- ☞ Ofrecer modelos socio-políticos alternativos á realidade da industrialización do S XIX ( inxustiza social e miseria obreira), con influencia de ideas da Ilustración coma progreso e harmonía social, igualdade e romanticismo.
- ☞ Perseguir a dignidade do individuo e a solidariedade colectiva.
- ☞ Usar medios pacíficos: contrarios á revolución.

Destacan entre estes socialistas utópicos:

- ⇒ Robert Owen ( 1771-1858): propón a organización de coopertivas: Educación dos nenos, aumento de salarios, redución da xornada laboral, incentivos,...
- ⇒ Socialistas franceses:
  - ☞ Saint-Simon ( 1760- 1825):
    - Superar o enfrontamento social proporcionando benestar ó maior número posible de persoas.
    - Medios: desarrollo económico
  - ☞ Proudhon ( 1809 – 1865 ): a propiedade privada é a orixe da desigualdade e rexeita o Estado coma institución( precursor do anarquismo )
  - ☞ Fourier ( 1772 – 1837): creación dos falansterios ( agrupacións comunitarias onde a propiedade era colectiva e todos os membros –homes e mulleres -compartían os labores.

Os chamados “socialistas científicos” , Karl Marx e Friedrich Engels, formarán a Liga dos Comunistas ( 1847 ) co obxectivo da abolición da propiedade privada.

##### b. O Marxismo. O socialismo científico.

- ⇒ Obras de Carlos Marx e Federico Engels: Manifesto Comunista ( 1848) – O Capital
- ⇒ Teorías socialistas elaboradas a partires dunha análise da realidade económica e do enfrontamento de clases:
  - ⇒ **A plusvalía**: é o primeiro concepto sobre o que chama a atención Marx. O obreiro “alúgalle” ao patrón o único que posee: a forza de traballo. Pero o patrón págalle ao proletario só unha parte do beneficio que xenera. Esa parte que queda nas mans do empresario é a plusvalía, que explica a acumulación de capital por parte da burguesía e a explotación que sofren os proletarios. Esta idea xustificará o que o marxismo denomina “loita de clases”

- ⇒ **Loita de clases:** “ A historia de toda sociedade ata os nosos días é a historia da loita de clases”
- As **relacións de produción** , é decir, o xeito de producir mercadorías determina o lugar que cada clase ocupa na sociedade.
  - Loita e antagonismo opresores – oprimidos nas **relacións sociais** en cada **modo de produción**:
    - ⇒ **Escravidismo:** libres ↔ escravos
    - ⇒ **Feudalismo:** nobres ↔ servos
    - ⇒ **Capitalismo:** burguesía ( propietaria dos medios de produción ) ↔ proletariado ( forza de traballo que vende a cambio dun salario )
- ☞ Aboga pola desaparición da burguesía e a construción dunha **sociedade sen clases** en 3 momentos:
- **Toma de conciencia: “Proletarios do mundo, unídevos!”:** defensa dos intereses e conquista do poder a través da **organización e a acción política** dos traballadores → partido político propio: partidos socialistas ( finais S XIX ) e comunistas.
  - A dictadura do proletariado na que se suprime a propiedade privada substituíndoa pola propiedade colectiva, coa socialización dos medios de produción.
  - A sociedade comunista: unha sociedade sen clases, sen opresores nin oprimidos.

## 5. **O ANARQUISMO. BAKUNIN ( 1814-1876).**

Os ideólogos do anarquismo foron Mijail Bakunin e Piotr Kropotkin. A característica básica deste movemento é a **Anarquía**, baseada nestes supostos:

- ☞ Liberdade individual no marco dunha sociedade solidaria: “ A miña liberdade remata onde comeza a liberdade dos meus semelentes”
- ☞ Rexistamento de calquera forma de propiedade privada, considerada coma un roubo: Propón a colectivización dos medios de produción ( industrias, terras, capital,...)
- ☞ **Rexeitan** a organización centralizada e xerárquica, a acción política( os partidos políticos ) e **calquera forma de Estado**, xa que coartan calquera forma de liberdade individual.
- ☞ **Insurrección obreira revolucionaria** de carácter espontáneo, co resultado da eliminación do Estado e creación dunha libre federación de colectividades ( **comunas** )
- ☞ **Acepta a vilonencia coma forma de loita:** o terrorismo anarquista acabou coa vida de 3 presidentes en españa: : Cánovas, Canalejas e Eduardo Dato.
- ☞ Base non só obreira industrial, senon tamén campesiña, estudiantil,...

## 6. **A I INTERNACIONAL: AIT.**

a. **A revolución de 1.848** foi un movemento revolucionario e democrático radical:

- ☞ Sufraxio universal ( masculino )
- ☞ Soberanía popular
- ☞ Igualdade social.
- ☞ Dereitos sociais
- ☞ Confrontación aberta obreiros – burguesía

O seu **Fracaso** levou a unha profunda reflexión:

- ☞ Na burguesía: Xorde a idea de que é necesario a constitución dunha república burguesa que fose asumindo as reivindicacións obreiras.
- ☞ Nos obreiros: ábrense novas perspectivas marcadas polo lema marxista “Proletarios do mundo, unídevos” : a AIT

## b. A I Internacional : AIT ( 1.864 )

No ano 1864 fúndase en Londres da AIT ( Asociación Internacional de Traballadores) ou tamén chamada I Internacional, proxectada para o conxunto de organizacións do movemento obreiro.

⇒ As ideas marxistas influiron a AIT:

- **Obxectivo: organización da clase obreira e a súa participación na loita política para conquistar o poder e así conseguir transformar a sociedade.**
- **Concienciación obreira da existencia de pertencer a unha clase diferenciada.**

⇒ AIT: implantación en toda Europa: Francia, Italia, España, Alemaña,...

⇒ Heteroxeneidade na súa composición e ideoloxía: **confrontación marxismo – anarquismo ( Congreso de Basilea - 1869)**

### ☞ Marxistas:

- Folga
- Participación política con partidos obreiros.
- Lexislacion laboral: xornada de 8 horas e supresión do traballo infantil.

### ☞ Anarquistas:

- Rexeita a participación política
- Defende a insurrección espontánea e xeral das masas coma medio para destruír a orde e estado burgueses.

⇒ Marx conseguiu que a AIT estivera a favor da organización dun partido político obreiro, distinto ós tradicionais.

⇒ Os anarquistas actuarán en sindicatos, elexindo dúas vías de acción:

- ☞ Atentados terroristas contra o poder.
- ☞ Folga xeral.

## c. A Comuna de París ( marzo – maio 1.871 )

⇒ Primeira experiencia de goberno obreiro e popular, iniciada cunha revolución socialista e democrática.

⇒ Goberno: asemblea comunal ( Comuna de París): reformas sociais radicais.

⇒ Represión durísima ( 17.000 fusilados, 40.000 detidos)

⇒ Congreso da AIT en A Haia ( 1872):

☞ Marx: derrota debida á falta de organización e dun programa político claro.

☞ Bakunin: destacaron o carácter popular e espontáneo

☞ Resultado:

- expulsión dos anarquistas da AIT
- Congreso de Nova York ( 1876 ): disolución da AIT, seguindo o camiño marcado por Marx: fundación de partidos socialistas obreiros.

## 7. A II INTERNACIONAL.

### a. Os partidos socialistas.

⇒ Último ¼ SXIX:

- ☞ Aumento da clase obreira
- ☞ Fracaso da AIT
- ☞ Formación partidos socialistas
- ☞ Progresiva democratización.

⇒ 1875-1914: partidos socialistas – marxistas en toda Europa

- ☞ 1879: SPD (Alemaña)
- ☞ 1879: PSOE
- ☞ 1906: Partido Laborista (GB)

### b. A II Internacional ( París - 1.889 )

⇒ **Homoxeneidade ideolóxica:** Federación de partidos socialistas con exclusión do anarquismo.

⇒ **Aceptación do sistema democrático**

⇒ 1 de maio 1890 ( Día dos Traballadores): reivindicación da xornada de 8 horas.

⇒ Diferenzas ideolóxicas e políticas:

- ☞ **Socialismo revolucionario** ( levaría á Revolución Rusa de 1917): comunismo ( Levará á fundación do Komintern ou III Internacional
- ☞ **Socialdemocracia** ( E. Berstein, 1850-1932): política reformista e de participación no sistema democrático parlamentario, avalado polas progresivas conquistas do movemento obreiro no último ¼ do SXIX.